



Memoria xustificativa da Orde pola que se convoca o procedemento de concorrència para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio (código de procedemento CO301A)

Primeiro. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior.

Segundo. O comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación continuo para adaptarse á realidade actual e aos novos hábitos de compra das persoas consumidoras.

Por outra parte, a inflación está a producir graves consecuencias económicas, tales como o incremento xeneralizado dos prezos e o conseguinte descenso do consumo. Esta situación está a influír dun xeito indubidable na actividade económica e no comportamento dos/as consumidores/as, afectando de forma moi significativa á actividade comercial e, en xeral, á economía das persoas consumidoras.

Por isto, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración vai proceder á convocatoria, por sexto ano consecutivo, do Programa bonos Activa comercio dada a repercusión positiva que tiveron as anteriores edicións do programa na reactivación das vendas no comercio de proximidade galego, facendo posible que numerosas persoas puideran beneficiarse destas axudas.

Terceiro. A finalidade desta edición do programa é continuar estimulando a demanda das persoas consumidoras e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica do comercio retalista, mellorando o fondo de manobra dos establecementos comerciais galegos e paliando o impacto negativo derivado da crise económica. Para isto, os bonos Activa comercio poderán utilizarse polas persoas físicas maiores de idade nos establecementos comerciais retalistas radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran ao programa, sendo as persoas consumidoras parte activa e fundamental para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación do seu comercio de proximidade.

Cuarto. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia prevé a posibilidade de contar con entidades colaboradoras no procedemento de xestión e pagamento



de axudas públicas. Neste sentido, o seu artigo 9 establece que será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos ás persoas beneficiarias cando así se estableza nunhas bases reguladoras ou colabore na xestión da subvención.

Así mesmo, o artigo 13.4 da mesma lei dispón que cando as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas a dereito privado, seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizarase mediante convenio, salvo que polo obxecto da colaboración resulte de aplicación plena a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Por iso, e de acordo co citado artigo 13.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, é necesario proceder á convocatoria e tramitación do correspondente procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación, co obxecto de seleccionar a entidade financeira que terá a condición de entidade colaboradora na xestión e pagamento das axudas do programa de incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

Quinto. Para a selección da entidade colaboradora establécense na orde os dous criterios obxectivos seguintes:

- Proposta técnica que describa coa amplitude e detalle precisos todos os elementos necesarios para a articulación da colaboración solicitada: ata 70 puntos.
- Experiencia na entrega e distribución de axudas aos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia no marco de programas de incentivación do consumo de ámbito autonómico: ata 30 puntos.

a) Polo que respecta á proposta técnica, esta deberá dar resposta ao obxecto e á finalidade da colaboración que será obxecto do convenio e, en concreto, á xestión e á distribución das axudas económicas que van ser convocadas no marco do Programa bonos Activa comercio.

Desta forma, a entidade colaboradora deberá habilitar unha plataforma tecnolóxica e as aplicacións informáticas que sexan máis adecuadas para a posta en marcha, a execución e o seguimento do programa.

- Posta en marcha do programa.



En todo caso, deberá incluír a habilitación dunha aplicación informática para dar de alta aos comercios que se queiran adherir ao programa, co contido mínimo establecido, así como a operativa para a sinatura dixital das declaracións responsables.

Por outra banda, deberá habilitar unha aplicación informática para que se dean de alta as persoas usuarias dos bonos.

En ambos proxectos valorarase a calidade técnica, as distintas funcionalidades da aplicación, a rapidez da descarga, a adaptación aos distintos dispositivos, a calidade e a resolución da imaxe, a simplificación dos procesos de alta, o carácter intuitivo das aplicacións e calquera outro aspecto que optimice a execución do programa.

Ademais, poderán valorarse outras melloras adicionais que complementen a eficacia e a operatividade do programa como poden ser, entre outras, planos de localización dos comercios adheridos, información adicional dos comercios adheridos ou unha área privada para os/as comerciantes.

- Execución do programa.

En todo caso, deberá desenvolver unha solución técnica que permita a descarga dos bonos por cada unha das persoas usuarias así como o seu troco nos establecementos comerciais adheridos.

A aplicación deberá facilitar ás persoas usuarias dos bonos a información do importe do bono, o importe, no seu caso, trocado e o saldo dispoñible. Polo que respecta aos/ás comerciantes, deberá rexistrar o importe e o concepto das compras, a identificación e o valor das vendas e o importe dos bonos trocados en cada unha delas.

Nesta aplicación valorarase a calidade técnica, as distintas funcionalidades da aplicación, a rapidez da descarga, a adaptación aos distintos dispositivos, a calidade e a resolución da imaxe, a simplificación do proceso de troco, o carácter intuitivo da aplicación tanto para as persoas comerciantes como para as usuarias dos bonos e calquera outro aspecto que optimice a execución do programa.

Ademais, poderán valorarse outras melloras adicionais que complementen o programa como, por exemplo, a información adicional dos comercios adheridos, a asistencia técnica ás persoas usuarias ou a información adicional das operacións realizadas, entre outras.

- Seguemento do programa.

Todas as aplicacións deberán deixar constancia de:

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO
Edificio administrativo de San Lázaro, s/n
15781 – Santiago de Compostela
A Coruña



- As persoas usuarias dadas de alta no programa.
- Os comercios dados de alta no programa.
- O número de bonos descargados.
- As operacións de liquidacións e transferencias de abono realizadas.
- O saldo dispoñible dos bonos.

Valorarase o rexistro da trazabilidade de todos os datos, de forma que permita o seguimento do programa, das operacións realizadas e do destino dos fondos transferidos, así como calquera outro aspecto ou mellora adicional que optimice a operatividade e a eficacia do programa.

b) Polo que respecta á experiencia, valorarase o número de programas de incentivación do consumo de ámbito autonómico nos que a entidade solicitante teña colaborado na entrega e distribución de axudas aos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A puntuación dos dous criterios de valoración será o resultado de comparar a proposta técnica, a memoria e toda a documentación presentada polas entidades solicitantes ao abeiro do disposto na antedita orde de convocatoria.

Sexto. Polos gastos de posta en funcionamento, seguimento e control do Programa bonos Activa comercio establécese unha compensación económica a favor da entidade financeira colaboradora por importe de 60.000,00 € financiados con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. A compensación pagarase á entidade colaboradora unha vez finalizado o Programa bonos Activa comercio.

Esta convocatoria tramítase como expediente anticipado de gasto, o que permite obter antes a súa resolución, de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, que posibilitan a tramitación anticipada dos expedientes de gasto no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vai imputar o correspondente gasto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

